



AXUDAS AO ALUMNADO UNIVERSITARIO PARA A REALIZACIÓN DE CURSOS DE IDIOMAS NA U.E.

CONVOCA: CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA.

CONTIDO: 100 BOLSAS DIRIXIDAS AO ALUMNADO UNIVERSITARIO DE GALICIA, PARA ESTADÍAS NALGÚN ESTADO MEMBRO DA UNIÓN EUROPEA, DURANTE O VERÁN DE 2010.

Pretenden favorecer o coñecemento dunha segunda lingua, para mellorar a competencia e a capacidade de estudo e traballo do alumnado universitario, no contexto internacional, tal e como esixe a adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior.

REQUISITOS: Estar **matriculado/a**, no **curso 2009-10**, en calquera das universidades do **Sistema Universitario de Galicia** ou nos **centros asociados da UNED en Galicia**, en estudos conducentes ao título de grao, licenciado/a, enxeñeiro/a, arquitecto/a, diplomado/a, mestre/a, enxeñeiro/a técnico/a, arquitecto/a técnico/a ou nun máster universitario; ter superado, no momento da presentación da solicitude, **60 créditos** en titulacións de 1º ciclo ou **120 créditos** en titulacións de grao e de 1º e 2º ciclo, e no caso de máster universitario, ter **superados os estudos** da titulación correspondente que dá acceso a el; atoparse matriculado/a, nos plans de estudos estruturados por créditos, como mínimo en **50 créditos**, incluído neles o proxecto fin de carreira. Para os estudos de máster universitario de carácter presencial, estar matriculado/a dun mínimo de **60 créditos**, nas Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña ou Vigo, no curso 2009-10; posuír unha **nota media** no **expediente académico**, igual ou superior a **1,50 puntos**. No caso de alumnos/as de ensinanzas técnicas, a nota obtida polo/a alumno/a multiplicarase por un coeficiente corrector de 1,35 puntos; realizar un **curso de idiomas** nalgún estado membro da **Unión Europea** e no idioma oficial do país elixido, cunha duración mínima de **tres semanas** e un mínimo de **15 horas lectivas semanais**, no período comprendido, entre o **1 de xuño** e o **30 de setembro** de 2010; non ter desfrutado desta axuda en anteriores convocatorias; non pretender realizar un curso para perfeccionar a lingua oficial do país, no que se é adxudicatario/a dunha bolsa do programa comunitario de mobilidade Erasmus, no curso 2009-10.

DOTACIÓN: A contía da axuda, asignada a cada beneficiario/a, será de **1.100 Euros**.

DOCUMENTACIÓN: Solicitude, no modelo oficial (anexo); certificación académica completa ou copia cotexada na que constará a nota media simple do expediente académico. Os/as alumnos/as que estean cursando estudos de 2º ciclo, por acceder dende unha titulación de 1º ciclo, deberán enviar ademais a certificación académica dese 1º ciclo. O alumnado que curse un máster universitario deberá presentar igualmente a certificación académica da titulación que lle dá acceso a estes estudos, coa expresión da súa nota media. Os/as alumnos/as que estean cursando o segundo ano dun máster universitario deberán presentar ademais de dita certificación académica, o certificado das cualificacións do primeiro ano; xustificante da matrícula en estudos universitarios correspondente ao curso 2009/10; orixinal ou copia do programa do curso de idiomas, no que deberá figurar o período de duración, as datas de realización, o número de horas lectivas semanais e o lugar de destino; declaración responsable do/a solicitante na que indicará se ten ou non solicitada ou concedida outro tipo de bolsa ou axuda das administracións ou entes públicos, para dito curso; documento facilitado pola entidade bancaria a nome do/a interesado/a en que conste o número de conta do/a cliente.

PROCEDIMENTO SELECTIVO: Realizarase en réxime de **concorrenza competitiva** e en atención á cualificación obtida polo/a alumno/a, en orde directamente proporcional á **nota media** do **expediente académico**. Ante unha mesma puntuación, terán preferencia para a concesión da axuda, aqueles/as alumnos/as que teñan **superado un maior número** de **créditos**.

PRAZOS E LUGARES DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: Ata o **venres, 30 de abril** de 2010, no **Rexistro Único da Xunta de Galicia**; nos **Rexistros oficiais** das universidades do **Sistema Universitario de Galicia**; nas **Oficinas de Correos**, presentando en sobre aberto a documentación, para que sexa datada e selada polo/a funcionario/a, antes de que se proceda a súa certificación postal ou no **Portelo Único** do **Concello de Sanxenxo**.

INFORMAN: Secretaría Xeral de Universidades da **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**. Edificio Administrativo San Caetano, s/n (15781) SANTIAGO DE COMPOSTELA. Tlfs. 981 544 403 / 981 544 430 / sxu@edu.xunta.es / www.edu.xunta.es/web/node/628 / DOG 30 de marzo de 2010